

MANIFESTO 8 DE MARZO: MALABARES ATA CANDO?

O 8 de marzo non é só unha data no calendario; é un chamamento á acción, á reflexión e á reivindicación. Baixo o lema "Malabares ata cando?", a Deputación de Pontevedra suma a súa voz ás de milleiros de mulleres que, día a día, continúan loitando pola igualdade real e efectiva en todos os ámbitos da vida.

≈

"Para as mulleres e nenas en toda a súa diversidade: Dereitos, igualdade e apoderamento" é o lema proposto por ONU Mulleres para conmemorar o 8M de 2025, recordando que a igualdade de xénero non só é un dereito, senón a necesidade dun compromiso global de loita pola erradicación da violencia contra as mulleres, así como polo respecto aos nosos dereitos e por un futuro sen discriminación.

Considerar que xa conquistamos unha igualdade real e plena nestes momentos non é correcto. As mulleres aínda nos vemos obrigadas a facer equilibrios constantes para conciliar a vida laboral e persoal, para acceder a un emprego digno e ben remunerado, para romper teitos de cristal e superar barreiras impostas por unha sociedade que aínda non garante as mesmas oportunidades para todas e todos.

A violencia de xénero, a fenda salarial, a precariedade laboral, a falta de representatividade en espazos de poder e decisión ou a discriminación no deporte e na cultura son só algúns dos síntomas dun sistema que aínda perpetúa desigualdades.

Debemos loitar pola implantación de políticas que garantan a equidade na vida diaria. O primeiro paso para logralo é educar en igualdade desde as idades máis temperás, promovendo condutas positivas e programas educativos que derruben os estereotipos de xénero. A prevención pode iniciarse aplicando cambios nos nosos comportamentos diarios, sensibilizando a poboación e incidindo na necesidade de relacións saudables e igualitarias, nas que a violencia de xénero sexa condenada e non ocupe lugar.

Outra cuestión relevante é o impacto das redes sociais. Así como son unha ferramenta poderosa para visibilizar e sensibilizar, tamén poden ser un espazo onde se perpetúan a violencia e o acoso. Urxe activar medidas efectivas de seguridade e educación dixital para crear un entorno seguro e respectuoso.

No mundo do deporte, especialmente no fútbol sala feminino e a pesar de que se deron moitos avances, podemos ver que aínda existen certas diferenzas. A igualdade persegue garantir as mesmas oportunidades e recursos, tanto para xogadoras coma para xogadores, pero isto non sempre se respecta. Por iso traballamos diariamente por dar un trato profesional e igualitario, e acadar este punto no que ambos estean beneficiados, posto que a igualdade contribúe ao crecemento do deporte en xeral.

Visibilizar e darlles unha maior cobertura mediática ás xogadoras suporá que as xeracións vindeiras teñan tamén as mulleres como referentes no deporte, e que estas sexan unha fonte de inspiración e apoderamento para novas xogadoras.

Aínda que quede moito camiño por percorrer, podemos mirar atrás e estar orgullosas de todo o andado grazas á incansable loita, valentía e unión das mulleres que facilitaron o traxecto para as futuras xeracións.

A igualdade é responsabilidade de todas e todos. Non será doado, pero pagará a pena ver que, coa unión de todas as nosas voces e cun obxectivo común, conseguiremos chegar ao noso destino.

Sen igualdade, non existe o progreso e, sen respecto, non hai sociedade. E o 8M é un claro recordatorio de que a loita segue.

Ata cando teremos que demostrar que merecemos os mesmos dereitos?

Ata cando seguiremos sufrindo violencia, desigualdade e discriminación?

Ata cando seguiremos sen acadar a igualdade plena?

Ata cando? Malabares ata cando?

Por un futuro máis digno. Por todas as mulleres e pola igualdade.

CLUB POIO FUTBOL SALA